

Compostela, 5-XI-75

Querido Luís:

Hoxe estivo aquí o Xavier Alcalá e díxome que tanto el como a súa muller - que é unha rapaza angloarxentina - tiñan moito interese en te coñecer. O Xavier é un rapaz novo, enxi-neiro de telecomunicación, que agora traballa ahí na Coruña. Naceu na Mancha - seu pai é andaluz e a súa nai castellana -, e, polas cousas da guerra, os pais vivéron vivir ao Ferrol. Como se criou en Galicia, considérase galego e, como tal, sintese galeguista. A pesar da súa formación científico-técnica, ten unha fonda vocación literaria, e é un bon escritor galego. Publicou en Galaxia unha novela que se titula "Voltar", e ten outras dúas escritas. Tamén ten escritos bastante nos xornais. Agora pertence ao "Facho", porque desde hai 15 ou 20 días vive na Coruña.

A muller del, Elena, é filla de inglés e non sei si a nai tamén é inglesa ou arxentina, pro ela naceu en Buenos Aires. Como ela ten ouvido falar moito de ti, ilusiónalle coñecerte na Coruña.

É moi leitora, sobre todo de literatura.

Eu deille ao Xavier o teu enderezo porque me dixes que tiña que che pedir uns datos de parte do Siro. Os dous son amigos dalá do Ferrol, onde teñen colaborado xuntos en diversas actividades culturais galegas (conferencias, emisións radiofónicas, etc.)

Como o Xaier Alcalá é un dos nosos escritores xóvenes, quizais poderías aproveitar para lle faceres un dibuxo.

Apertas nosas para os dous

Ramón